

# CURSO **COMO FACER UN DIAGNÓSTICO SOCIAL**

FORMACIÓN DIRIXIDA PRIORITARIAMENTE A T.SOCIAIS COLEXIADOS/AS EN ACTIVO DE SS.SS COMUNITARIOS

DOSSIER INFORMATIVO



# INDICE

1) Resumo do curso.....	2
2) Fundamentación.....	2
3) Obxectivos.....	3
4) Contidos formativos.....	3
5) Persoas destinatarias.....	4
6) Calendario .....	5
7) Metodoloxía.....	5
8) Avaliación .....	5
9) Inscripción.....	6
10) Docencia .....	6

## 1. RESUMO DO CURSO



150 horas



Plataforma de teleformación



Do 4 de abril ao 24 de xullo de 2022



De balde.

## 2. FUNDAMENTACIÓN

Esta formación está deseñada co fin de proporcionar un marco operativo de referencia que estableza uns aspectos conceptuais, estratéxicos e técnicos básicos que contribúan a dar **rigoriedade, precisión e utilidade ao proceso de diagnóstico social** na intervención do Traballo Social con individuos e familias.

A meta xeral é contribuír a que o Traballo Social actúe con rigor, eficacia e elegancia en materia de Diagnóstico Social. É unha das **competencias exclusivas** que temos como profesión, polo que habemos de valorala e facela valer en sociedade.

Este método de diagnóstico é froito da sistematización da práctica profesional do autor durante os últimos 5 anos, tanto pública como privada. Ademais, foi deseñado coa finalidade de que sexa útil e aplicable en diferentes contextos (públicos e privados) e ámbitos de intervención social, baixo diferentes modelos de intervención e/ou perspectivas teóricas.

### 3. OBXECTIVOS

- Ofrecer ao colectivo profesional oportunidades para a especialización en Traballo Social Clínico.
- Contribuir á lexitimidade e desenvolvemento do Traballo Social Clínico.
- Desenvolver e mellorar as competencias profesionais dos/as traballadores/as sociais para realizar a práctica clínica.
- Coñecer as bases teóricas do diagnóstico social de casos.
- Implementar as fases do método para levar a cabo un diagnóstico social, seguindo os estándares científicos de calidade.
- Coñecer e aprender a aplicar na práctica diversos instrumentos de medición e de clasificación diagnóstica.

### 4. CONTIDOS FORMATIVOS

#### Módulo 1. Marco conceptual

- Tema 1: Concepto de diagnóstico social.
- Tema 2: A evidencia social e a inferencia.
- Tema 3: Outros conceptos fundamentais para o proceso de diagnóstico social.

#### Módulo 2. Método do Diagnóstico Social I

- Tema 1: Fase de estudo-investigación.
- Tema 2: Fase descritiva.

#### Módulo 3. Método do Diagnóstico Social II

- Tema 1: Fase avaliativa.
- Tema 2: Fase prescritiva.
- Tema 3: Fase prospectiva.

## Módulo 4. Instrumentación para a avaliación social

Tema 1: Instrumentos de avaliación:

- Ferramenta para o diagnóstico e a investigación exclusión social (Raya, 2010)
- Cuestionario de Apoio social funcional Duke-UNC-11. Broadhead et al., (1988).
- Cuestionario de Funcionamento Familiar ( FF-SIL).
- Escala de Estrés de Holme e Rahe (González e Fumero, 1983).
- Inventario de Depresión de Beck ( BDI-II)
- Versión reducida da Escala de Resiliencia SV-RES (Regalado, 2017).
- Cuestionario EQ-5D na súa versión española (Badia, Roset, Montserrat, Herdman e Segura, 1999).
- Subescala de Sinceridade do Cuestionario de Personalidade de Eysenck ( EPQ- R) (Aguilar, Tous e Andrés, 1990).
- CEES: Cuestionario para a avaliación da Exclusión Social ( Piñero, 2013).

## Módulo 5. Instrumentación para a avaliación social

Tema 2: Instrumentos de clasificación:

- Escala Xeral de Categorias Diagnósticas (Conde, 1998).
- Ferramenta para o diagnóstico da exclusión (Federación Sartu, 2011).
- ETHOS: Escala de Tipoloxía Europea sobre Persoas Sen Fogar (Feantsa, 2007)
- Indicador AROPE de medición do risco de pobreza e exclusión social.

## 5. PERSOAS DESTINATARIAS

Formación dirixida, prioritariamente, a **traballadores/as sociais colexiados/as no COTSG en activo** que desenvolvan a súa labor **nos SS.SS Comunitarios**, en virtude do acordo de colaboración establecido coa Dirección Xeral de Inclusión da Xunta de Galicia. De haber prazas libres, poderá participar calquera outro/a profesional de T.Social colexiado/a.

## 6. CALENDARIO

Do 4 de abril ao 24 de xullo de 2022.

## 7. METODOLOXÍA

O curso desenvólvese seguindo a modalidade de **e-learning asíncrona**, a través dunha plataforma de docencia virtual. A metodoloxía resulta unha combinación equilibrada de teoría e práctica, buscando lograr o desenvolvemento de habilidades máis que memorizar contidos.

O curso desenvólvese a través do estudo dunha serie de contidos teóricos, distribuídos en 4 módulos, elaborados especificamente para esta formación, que veñen enriquecidos con exemplos prácticos para asimilar mellor a información. Cada módulo de contido teórico está estruturado da seguinte maneira: título, obxectivos, introdución, desenvolvemento de contidos e resumo.

## 8. AVALIACIÓN

O sistema de avaliación é continuo e é suficientemente flexible para permitir ao alumnado a entrega de actividades segundo o seu propio ritmo, dentro duns límites temporais. O alumnado terá a posibilidade de entregar as actividades e probas que non estean superadas no período de recuperación.

Ao comezo do curso desenvolverase un Webinar de benvinda, exposición breve de cada módulo de estudo, a metodoloxía da formación e as actividades de avaliación. Ao finalizar a formación haberá un Webinar de clausura que servirá para concluír a formación e proporcionar ao alumnado un espazo para resolver dúbidas e afianzar o coñecemento.

O alumnado contará coas seguintes ferramentas de aprendizaxe:

- **Material de estudo** deseñado especificamente para a formación.
- Material complementario.
- **Foros** de reflexión e debate.
- Artigos breves con recursos útiles.
- **2 Webinars** co profesorado.

### Actividades de avaliación:

- 3 Actividades Prácticas de desenvolvemento.
- 4 Probas obxectivas, unha por cada un dos módulos, conformadas por unha cantidade de entre 20-30 preguntas.
- Participación en 2 Foros de Debate, que o profesor lanzará ao grupo con cuestións para reflexionar.

### Criterios de avaliación:

- Entregar e aprobar as probas de autoavaliación cunha cualificación igual ou superior ao 60%.
- Entregar e aprobar as actividades prácticas cunha cualificación igual ou superior ao 60%.
- Participación os foros de reflexión e debate.

## 9. INSCRICIÓN

A inscrición realizarase a través deste [formulario](#), achegando ademáis a **Vida Laboral actualizada** a [info@traballosocial.gal](mailto:info@traballosocial.gal) indicando no asunto Formación\_DIAGNÓSTICO.

**Data límite de inscrición: 15 de marzo** ata as **12:00 AM**.

Prazas limitadas. A admisión na acción formativa realizarase por orde de inscrición.

## 10. DOCENCIA

### Dr. Jonathan Regalado

Traballador Social Clínico, Doutor en Psicoloxía ,  
Magister en Intervención Social e Experto en  
Intervención Psicoterapéutica.

Conta con 14 anos de experiencia en intervención  
clínica e social, interveu con máis de 1.600 casos e  
impartiu máis de 4.000 horas de formación  
especializada.

# COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

Rúa Dublín, 6, baixo. 15707 Santiago de Compostela (A Coruña)



981 568 100



info@traballosocial.gal



facebook.com/COTSdeGalicia



cotsgalicia

Entidade financiadora:

